EDUCATIONAL OBSERVATION OF:

Menzieshill Nursery School

Hill View Nursery

IN DUNDEE



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTO ESCOLAR

3. ASPECTOS DESCRIPTIVOS

4. METODOLOXÍA

5. RECURSOS

6. XORNADA LECTIVA E ACTIVIDADES

7. AVALIACIÓN

8. CONCLUSIÓNS

1. INTRODUCCIÓN:

A estancia de observación nas diferentes escolas de Escocia foi feita dende o día 28 de outubro do 2019 ata o 31 de outubro do 2019.

A observación foi feita en dúas escolas diferentes. Aínda que nun primeiro momento so estaba indicada unha delas ao segundo día de estancia a directora do centro: Carol Blair; púxose en contacto con un compañeiro doutra escola: Aaron Brown. Esto permitiume comparar os dous centros entre si e como se desenvolvían as rutinas escolares en cada un deles.

A primaria escola que visite foi: Menzieshill Nursery School.






E a segunda foi: Hill View Nursery.





2. CONTEXTO ESCOLAR:

Ámbalas dúas escolas está ubicadas relativamente preto unha da outra.



Menzieshill Nursery School 160 Earn Cres, Dundee DD2 4BR, O Reino Unido

Hill view Nursery Dundee DD2 4DW, O Reino Unido

Ámbalas dúas están rodeadas de barrios residenciais de onde procede o seu alumnado. É un nucleo urbano onde posuen todos os servicios elementais. Tamén resaltar que hai zonas verdes todo ao arredor.

3. ASPECTOS DESCRIPTIVOS:

As dúas escolas teñen alumnado entre *2 e 5 anos.* A súa educación e subencionada polo estado.

No centro escolar de *Menzieshill Nursery School* hai dúas aulas diferenciadas, unha de 2 a 3 anos e outra de 4 a 5 anos. No meu caso so puiden acceder a segunda, a da cativada máis maior.

O seu horario é de 08:15 a 16:30, pero o alumnado non estaba todo ata as 09:00, ao igual que a saída onde sobre as 15:00 comezaban a recoller as familias os seus fillos e fillas, ainda que un pequeno grupo quedaba ata a saída.

No outro centro escolar, *Hill view Nursery* hai unha soa aula. Nela hai nenos e nenas de 3 a 5 anos.

O horario é de 08:30 a 15:30. Neste caso o alumnado era bastante puntual tanto na hora de entrada como na de saída.


O persoal docente era moi abundante e o non docente tamén. Dentro de ámbalas dúas escolas a súa *ratio era de unha mestra por cada oito alumnos e alumnas.* A parte, había persoal docente exterior que acudía ao centro a ver, avaliar e diagnosticar posibles necesidades presentes na aula.



No meu caso comuniqueime persoalmente con unha desas mestras asistentes exteriores, a cal acudía o Menzieshill Nursery School varias veces na semana un par de horas.



En canto a persoal non docente tamén era moi numeroso. Apreciábase sobretodo a hora do xantar, na que varias persoas atendían ao alumnado mentras cada mestra sentaba individualmente co seu grupo de alumnado correspondente na mesma mesa.




No desenvolvemento do ano escolar comezan moi cedo a partir de mediados de agosto xa comeza o seu curso escolar ata finais de xuño pero durante o ano teñen diversos días festivos. No mes de outubro, cando estiven no centro acababan de voltar dun tempo de vacacións, as seguintes eran para o mes de decembro no día de San Andrés.

4. METODOLOXÍA:

En palabras de Aaron Brown, o mestre que me acolleu en Hill View Nursery: “Nós estamos para educar para a vida” (“we are for educate to live”). O fin da súa labor é conseguir que o aprendizaxe e traballo feito entre todos os axentes implicados no mundo educativo logren que o seu alumnado alcance unha vida plena e integral.



A metodoloxía de traballo nestes dous centros escolares básase na liberdade e no respeto cara o alumnado. Non podes consultar nen mirar ningún material individual feito polo eles e elas sen ter antes o seu permiso.




Pretenden mellorar os resultados da cativada facendo que sexan adultos preparados para a vida que lles agarda, axudando a mitigar a fenda que se relaciona coa probeza e a necesidade social. Outro aspecto a resaltar é a contribución que fan a mellora do benestar social con respecto as familias apoiandoas na súas rutinas.

Para o apoio desta causa, na sa do profesorado expoñen as prioriades, recursos para ter no fogar, aspectos relevantes no coidado da saúde e e a seguridade…





No centro escolar, semanalmente fan unha planificación xeral na que expoñen o que se vai facer.



Cada persoa ten asignadas diferentes tarefas a realizar durante a xornada.


As experiencias propostas segundo o seu plan de estudio están orientadas cara o autoaprendizaxe, incorporando tarefas trasversais que a cativada selecciona segundo os seus gustos e prioridades.


Os recursos están totalmente dispoñibles e a man de todo o alumnado, o fin disto é axudar a consolidar experiencias anteriores e adquirir novas perspectivas. As mestras son so unha guía que interacciona e van introducindo vocabulario novo, conceptos matemáticos, propostas de xogo…

Ademais do anterior están tentando introduccir o concepto STEM nas súas aulas, tentando que os nenos e nenas descubran ese campo. Tamén aprobeitan retos educativos intentando disipar estereotipos de xénero, queren mentes abertas.

Por outra parte, prestan moita atención a o medioambiente participando en proxectos de xardíns comunitarios. A aprendizaxe ao aire libre é fundamental para a súa labor. Durante a miña estancia puiden comprobalo durante unha saída e dentro do propio centro onde a menor oportunidade todas e todos saían ao exterior.

Fotografías da saída escolar a: Ninewells Community Garden


Trip to Ninewells woods
Can you find?
the owl
something red
something green
something yellow
a sycamore seed
a leaf


British Trees
SYCAMORE TREE
OAK TREE
HORSE CHESTNUT TREE
SWEET CHESTNUT TREE
WALNUT TREE
SILVER BIRCH TREE
WYCH ELM TREE
HORNBEAM TREE
BEECH TREE
ASH TREE














MEMORY BOX
STEPS
TO HEALTH
Dementia Friendly Walks and the Memory Boxes are part of a collaborative project between the Occupational Therapy In-Patient Service in Kingsway Care Centre (Dundee Health and Social Care Partnership), Leisure & Culture Dundee's Steps to Health Project and the Ninewells Community Garden.
Whilst out walking, using objects and activities in these Memory Boxes, we are hoping to improve interaction/participation by encouraging use of all of the senses and stimulating cognition in persons who have memory impairment and/or low mood.
If you would like more information about the memory boxes please e-mail
stepstohealth@leisureandculturedundee.com
NHS
leisure & culture DUNDEE
Ninewells



5. RECURSOS:

Neste terreo hai unha gran abundancia de recursos tanto no campo material, personal, impreso, novas tecnoloxías…

Como é posible que desfruten desta abundacia?. Pois a resposta foi moi clara por parte dos axentes educativos implicados: inversión e coordinación co profesorado que está a pé das aulas.

O condado de Dundee fixo unha aposta moi forte pola educación. En ámbalas dúas escolas a educación é totalmente gratuita e subencionada. A inversión feita nun inicio foi 13 millóns de libras esterlinas pero esa aposta vaise ir incrementando segundo me informaron no centro.

Como xa indiquei nos aspectos descriptivos hai moito persoal no centro e eso permítelles desenvolver este tipo de metodoloxía. Pero non só iso, cando precisan mercar materiais ou recursos específicos poden dispoñer deles en calquera momento. Aínda que non me permitiron sacarlle fotografías teñen uns almacéns inmensos cheos de todo tipo de obxectos, libros, xogos, apoios educativos… a súa disposición.



Estando alí fixeron unha solicitude de nova mercadoría para o cal poñían a disposición das mestras folletos de compra e elas seleccionaban todo o que consideraban necesario para mercar.

A continuación, especificarei fotográficamente os diferentes recursos vistos nos dous centros e recunchos establecidos para eles:

Menzieshill Nursery School



Este é un recuncho de relax dentro da aula. Estaba xunto a entrada e neste lugar o alumnado podía deitarse e descansar antes de comezar a xornada se lles apetecía.


O recuncho da cociña:





Construccións e conceptos matemáticos:








Xogo simbólico:











Recuncho artístico:









Recuncho musical:







Mesa para incluir o tema semanal. Nesta mesa desenvolvían tarefas ou experiencias orientadas a un tema transversal. Nese momento era Halloween:



Mesa de luz:





Recuncho de TICs. Non lle dan tanta importancia coma nos. O seu uso era secundario e o alumnado tampouco mostraba moito interese so en algúns casos.



Biblioteca de aula:



Zona interior de experimentación con auga, area e outros recursos.













A horta:























Zona exterior de xogo e experimentación:


















PARKING




0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Comedor e cociña:





Baños:









Hill view Nursery





Zona de relax: este lugar non é o mesmo que no outro centro escolar, atópase no exterior preto das oficinas e está orientado as familias e a cativada. É un lugar onde falar e descansar, o profesorado tamén o utiliza para reunións ou orientacións específicas para dar a unha familia en concreto.





Ao igual que en Menzieshill Nursery School dentro da aula teñen específicamente un espazo para a relaxación, neste lugar hai unha luz especial, baixanse as cortinas e crean contrastes de luz par crear esa sensación. Pousen ademais material específico de xogo de luces para que poidan experiementar con el.

Recuncho da cociña:





Reconcho de conceptos matemáticos:






Recuncho do xogo simbólico:






Recuncho artístico:






Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

O obradorio de ferramentas:














A mesa de luz e recuncho das tic:







A biblioteca:



O recuncho da experimentación:















Zona exterior e experimentación:












Comedor e cociña:





Os baños:







6. XORNADA LECTIVA E ACTIVIDADES

En ámbolos dous centro escolares máis ou menos seguíase a mesma secuenciación global de experiencias, aínda que cada unha delas tiña contrastes distintos.

Na chegada ao centro en ámbolos dous casos as familias so tiñan acceso se a direccion do centro ou a persoa designada para tal fin lles permitia entrar. Para poder facelo había portas de seguridade que se abrían con tarxetas electrónicas. Dentro da escola cada titora ou personal presente tiña a súa colgada ao pescozo. No meu caso facilitaronme unha o primairo día pero cando marchei deixeina en recepción, o resto dos días non a volvín a ter, co cal estaba condiciona para poder ir ao baño ou sair do propio centro.





As familias acceden ao recinto e van directamente a súa aula. Non poden entreterse moito a despedia e rápida e so poden dar pequenas directrices sobre a escolla do xantar ou algún recado esporádico.

No caso de que algún cativo ou cativa chore, non o collen no colo senón que directamente o mandan sentar en algún dos numerosos sofás ou currunchos de descanso da aula. Pouco a pouco vaise calmando so ou soa.


Nas dúas escolas todas as nenas e nenos deixaban as súas cousas nun recuncho específico e ían xogar onde querían e o que desexaban.



A continuación, explicarei por separado como se desenvolvia a actividade escolar en cada unha das escolas, para que poidades apreciar as difenzas.

Menzieshill Nursery School

No momento no que chegaban poñíanse a xogar libremente, as mestras facíanlle asinar as familias un documento de asistencia, tanto na entrada como na saída do centro, ademais apuntaban os xantares e sumaban na cociña o número de alumnado que había (tanto aquí como na Hill view Nursery todos os nenos e nenas quedaban a comer, non había recollidas dentro do horario escolar).





Despois comezaban a relacionarse específicamente co alumnado que tiñan otorgado (cada mestra tiña específicamente un grupo de máximo 8 alumnos e alumnas na aula).




Un dos días ao comezar fixeron unha experiencia de relaxación, cada mestra foi ao seu recuncho e deitáronse no chan puxeron música e estuberon así un par de minutos tentando manter o silencio e pechando os ollos. Despois cada unha delas quedou co seu grupo facendo unha actividade diferente. No meu grupo foi un xogo de cartas matemático.

A continuación, cada nena e neno retomou os seus xogos e esparcíronse por todo o centro, tanto no exterior como no interior da aula.

Esporádicamente as profesoras establecían contacto como alumnado e dábanlle pequenas pautas ou ofertas de xogo diferente. As veces marcaban oralmente un mapa conceptual do que ían a facer, aprender, deseñar… para despois desenvolvelo. A mestra escribia e organizaba o que lle ían indicando.









Cada nena e neno tiñan asignado unha serei e carpetas nas que posuían material lectoescriotr específico (o seu nome impreso) o cal pegaban en cada creación. Cando era unha labor colectiva e compartida non o facían.








En outra xornada fixeron unha visitas escolar fóra do centro. Desta vez non se fixo ningunha actividade común, reparteuse por grupos o desprazamento, xa que ían en microbus e as prazas eran limitadas, un grupo por viaxe.

Como podedes apreciar nas fotografías anteriores, na saída a Ninewells Community Garden o alumnado levaba unha folla de recoñecemnto de especies presentes nese lugar. Tamén levaban unha cámara fotográfica e outra de vídeo grupal para recoller mostras do visto, ámbalas dúas eran compartidas.

Aparte do anterior, a cativada tamén tiña que facer unha actividade individual que consistía en ter unha bolsa de papel na que ía recollendo obxectos naturais para calificar segundo a cor, unha semente específica, unha folla e atopar unha estatuda da curuxa presente no bosque:



A experiencia resultou moi divertida para todas e todos. Aínda que nos marchamos a primeira hora esta tarefa foi feita durante toda a mañá, algúns tocoulle a última hora despois do tempo de comida.

Sobre as 12 todo o alumnado ía ao comedor tomar a súa comida. Case todos e todas xantaban alí agás algún caso esporádico no que traían o seu propio *lunch.* Ao comezar tódos os días lle daban un anaco de pan e despois poñían diferente bandexas dependendo do día con: arroz branco, cenoira, millo…

As nenas e nenos contaban co apoio da titora todo o tempo, había outro persoal para poñer, distribuir e recoller alimentos. Procuraban servirse sos e soas, aínda que a metade das veces ou ía polo xan ou pedían axuda.

Despois tomaban o segundo prato que as familias escolleran previamente. Cando non querían máis ía directamente para o lixo, todo no mesmo caldeiro. Cada alumno e alumna tiraba a súa racón e poñía os pratos, vasos e cubertos nun recipiente común con auga e xabrón. Quedei aterrada coa cantidade de comida desperdiciada e estropeda que se xuntaba, preguntei se iso o reutilizaban para compostaxe ou algo parecido pero non me souperon dicir, elas so o poñían alí.

Ao rematar o tempo de comer as mestras aprobeitaban por turnos para ir tomar un tentempé e charlar na sa de profesorado. Mentras o alumnado seguía con xogo libre. Chamoume moito a atención que non se producían conflictos severos na aula e a cativada xogaba moito en solitario.

Cando xa estaba rematando a xornada cada titora chamaba ao seu grupo e ían lavar os dentes. Cada neno e nena tiñan un cepillo específico, poñíanlle pasta e limpábanos individualmente. Non enxuagaban a boca.





En canto as rutinas de baño cada un deles e delas ía libremente, aínda que as veces había algún escape, que se cambiaba nun lugar específico de cambiadores.



Na recollida de familias ao igual que na entrada a despedida era rápida e so se daban pequenas indicacións cando era preciso.

As titoras xa dende a hora do lunch e despois de deixar ir ao alumnado adicaban o seu tempo a recoller en pequenos diarios o que sucedera durante a mañá. Cada neno e nena teñen unha libreta na que recollen esporádicamente anécdotas con fotografías sobre asúa vida na aula. Cada mestra ten colgado no seu pescozo unha cámara de fotos durante toda a mañá para recoller eses momentos.

Dito libro individual escríbese e entrégase ao remate de curso, en principio esa é toda a labor plasmada en papel que van levar para a casa durante todo o curso escolar. Non pode ser consultado nen collido sen permiso deles ou delas, so a titora pode velo e utilizalo.

Tamén se usaba este tempo para programar vindeiras actividades que se secuencian semanalmente.

Outro aspecto interesante que apreciei foi que as persoas implicadas no proceso educativo desfrutan de moito tempo "libre" para poder elaborar outro tipo de experiencias (ninguén se leva o traballo a casa). Un exemplo, durante a primaira xornada que asistín parte das titoras adicáronse a pintar mesas con pintura de encerado e a seleccionar varios materiais, con calma e tranquilidade. Pensei na nosa situación educativa e ese tipo de detalles e outros fan ver as desigualdades laborais que temos con respecto a outros países.

Hill view Nursery



Nesta escola tamén se entraba con tarxeta e todo estaba totalmente pechado, ninguén podía entrar ou sair sen a tarxeta e o consentimento da dirección da escola.

Ao chegar igual que no anterior centro cubríanse os papeis de asistencia e comedor escolar, notificando con posterioridade o número de alumnado que tiña cada titora. Neste centro o número de alumnado é menor, pero as mestras son máis numerosas, como era de nova creación estaban a espera de aumentar matrícula. As traballadoras xa eran contratadas aínda que o alumnado aínda non chegara. O persoal é por número de nenos e nenas que poden ir ao centro.

As despedidas na entrada con respecto as familias tamén eran igual de rápidas. A continuación, cada neno e nena ía a onde desexaba. Estaban en total liberdade. O recuncho que máis impresionaba era o obradoiro de ferramentas, estaban entusiasmados e entusiasmadas ante o traballo colaborativo que alí había. Este

era o único recuncho no que había constantemente unha mestra para orientar a labor.



As saídas ao exterior eran libres so tiñan que cambiar o calzado e poñer as botas de auga.



No patio chamoume a atención que aínda que estaba chovendo moito por veces os nenos e nenas xogaban libremente mollándose e arrastrandose pola lama. Preguntei se os cambiaban e responderonme que non que eso secaba, volvín a preguntar pola opinión das familias e o director sinaloume que os educadores eran eles e as familias non cuestionaban a súa labor. Os poderes políticos e xudiciais sempre respaldaban os seus criterios educativos, o benestar e educación dos alumnos e alumnas estaba por enriba disos temas (moito nos queda que aprender). Tamén me sinalou a idea de facer cabanas nos árbores e escadas para subir a eles.

Nas xornadas o alumnado foi de recuncho en recuncho, pero neste caso as titoras case non interviñan, sacaban fotos e miraban como actuaba cada nena e neno. As veces facían unha manualidade específica para que viran como era e que poideran reproducila ou añadían materiais como espellos para xogar con eles.









Tamén sobre as doce comezaba o “lunch time” e o procedemento era similar. Tamén o alumnado comía en función do escollido, tentaban poñerse os alimentos elas e eles sos, recollían de igual maneira… E o igual que Menzieshill Nursery School os alimentos era despilfarrados a moreas.

Chamoume a atención os carteis de emerxencia, intolerancias, saúde… que inclúo a continuación:







Despois continuaban co xogo libre e as mestras ao igual que no anterior colexio ían comer algo e despois adicábanse a programar por turnos.

Xusto 10 minutos antes de sair tamén facían o mesmo procedemento de lavar os dentes. As familias recollíanos rápido e so quedaban a falar coa mestra se había algo específico para respostar ou informar.

Ao igual que na anterior Nursery cada titora cubría esporádicamente a libreta do alumno ou alumna. Desta vez tuben sorte e puiden ver unha delas, unha nena moi xenerosa prestouse a que a vira, nela narraba como fora o seu comezo escolar e unha anecdota dunha actividade feita por ela nun recuncho. Maioritariamente eran fotografías e un par de anotacións esporádicas, tres carillas.

Nesta escola hai que resaltar que estaba todo novo e ben preparado. Tiñan calefacción e aire acondicionado, luces leds específicas de iluminación, mobiliario de todo tipo adaptado… Unha cousa impensable nestes momentos no noso sistema educativo. Ahí vese o deixados que estamos e a poico preocupación por manter o noso alumando seguro e acomodado, axudarlle a aprender a aprender.









7. AVALIACIÓN

Tanto en Menzieshill Nursery School como en Hill View Nursery o proceso avaliativo básase no progreso diario do alumnado.

Diáriamente despois de cada xornada escolar cada mestra tiña un tempo para recoller información relativa as actividades e progresos que vira no seu alumnado. En algún momento poñíana en común, pero non cheguei a presenciar ningunha desas reunións.

Ao final de curso remitíaselle as familias o libro que ían creando as mestras coas fotografías e comentarios.

En canto papeleo administrativo non se me mencionou nada, pero segundo me expliaron o seu currículo é tan aberto que o alumnado vai promocionando e o seu fin é lograr un aprendizaxe exitoso, que sean persoas con seguridade, responsables e contribuan a sociedade colaborando desinteresadamente cando é necesario.

8. CONCLUSIÓNS

Debo recoñecer que este viaxe foi toda unha experiencia. Fíxome ver cousas que non coñecía e replantearme moitas que daba por feitas.

Cando cheguei a este contexto educacional quedei asombrada coa variedade de recursos, mobiliario, espazos, comodidades, limpeza… En este campo estamos moi lonxe de poder alcanzalos. Nótase que o goberno e as persoas implicadas nel fan un gran desenvolso tanto de tipo económico como de apoio profesional. Cando un grupo de profesorado un centro fai unhas directrices sobre como se debe facer un avance na educación dos nenos e nenas ou toma decisións con respecto a organización, deberes das familias… O corpos políticos e administrativos da nación apoian completamente a o claustro. As familias en moitos casos son meros espectadores que deixan ás persoas profesionais levar a bo porto a súa labor.

A liberdade curriular foi outro punto a favor. O alumno e alumna non é dependente dun criterios mínimos para promocionar, sempre se manifesta en primeiro lugar o benestar da persoa por enriba dos conceptos.

Porén, non sempre é ouro todo o que reluce. Hai certos aspectos que non lograba discernir con claridade. As rutinas moitas veces pasaban a un segundo plano e non me deixaba claro se había unha secuenciación clara dentro da aula. As veces,

parecían improvisar, xa que os cativos e cativas non tiñan moi claro o que podían facer ou o que querían aprender. Non había unha planificación sobre a labor, según xurdia así pasaba, co cal as veces establecíase un caos que non sabían moi ben como abarcar.

Outro aspecto que me chamou moito a atención era a falta de empatía e contacto coa cativada. Cando algún neno ou nena caía, choraba por estar canso ou cansa… Non se lle daban apretas ou cariño sempre había unha barreira moi clara de distanciamento social. Supoño que somos culturas diferentes, pero no plano emocional algún alumnno e alumna estaba desanparado/desanparada.

No fondo foi unha experiencia dura para min no plano persoal, debido a barreira lingüistica e cultural, pero aconsello que se debe facer para ver como o mundo é diferente e os puntos de vista diversos axudan a enriquecer o noso traballo e a nosa vida.